

NOMBRE:

Xosémaría Pérez Parallé,

TÍTULO:

"CAMPÁNS DE NADAL"

LEMA:

"Chegai mariñeiros,  
chegai labradores...."

DIRECCIÓN:

O Penedo, nº.-63  
Barallobre.  
FENE = CORUÑA.

TELÉFONO:

981/ 34.04.20  
Fene.-

=/≈ C A M P A N S D E N A D A L ≈/

NUN dos pedreiros degraus, ao pé da portalada dunha Eirexa campesiña, das moitas que na Nosa Terra hai, un mozo barudo e garridoso, di con voce forte e roxamenteira o chamo nadalíño nunha serán de Sol invernío.

=====

TANXEN as campáns do Ceo,  
soan as campáns da Terra,  
aleluias de luceiros,  
brinca aLua coas estrelas;  
o Sol pintou a Alborada  
de louridas volvorelas;  
polas estradas azures  
camiñan nubens de festa  
e nos cumios montesíos  
salouca o Vento nas penas.  
  
Nas encostas verducidas  
afrolecen as carqueixas;  
nas campías e nas grandas,  
nos soutos, nas fragoselas,  
rebulir do paxario,  
rechouchebar de ferreñas;  
na longura dos camiños  
soa a gaita i-a pandeira,  
i-o chascarraschás das cunchas  
trán risos da mar mareira.

SOAN as campáns do Ceo,  
tanxen as campáns da Terra,  
de badaladas se cobren  
os pobos, vilas e aldeas.  
Armuñías de Aleluias  
xurden das gorxas labregas;  
dos labros dos mariñeiros  
abruillan cancións mareiras;  
os arados rachadores  
deixen de sucá-las leiras;  
nos peiraos están as barcas  
sen timóns, remos e velas:  
hoxa é día festexeito  
no Ceo, na Mar, na Terra.

TANXEN as campáns do Cee,  
soan as campáns da Terra,  
no pombal azuresío,  
azures pombas zurceán.

¡Vinde todos! ¡Vinde todos!  
Deixaíde as casas valsíras;  
abride fiestras e portas  
e desfechade as cancelas;  
ímos todos de romaxe  
camiño da cabanela  
onde está surrindo un Neno  
deitado en pallas xunqueiras.

Vinde a chousa dos pastores,  
achezádevos a presa  
a vé-lo capulo roiba  
da más belida roseira.

¡Vinde todos, vinda axiña,  
cunha Lus nova alumee  
de Amor e Fraternidade  
nunha proba cabanela!

¡Vinde todos e veredes  
a xoia más feiticeira,  
cô Verbo deixóu pra nós,  
nesta Noite milagreira.!

SOAN as campáns do Cee,  
tanxen as campáns da Terra:  
badaladas anduriñas  
andan a espallar Ultreias  
polas salgadas mariñas,  
polas campías chairegas;  
no píncaro do Cebreiro,  
nos rochedos de Fisterra;  
antr-ós suellos froitosos,  
nas vizas becarribeiras;  
nas penedías de O Pindo,  
na Formiñá gorguleira;  
nas cadoiras saloucantes,  
nas buligentes fervenzas;  
antr-ós regatazos mozos  
i-as doncelíssas fontelas.

¡Vinde, chezádevos todos,  
cô Lus da Vida está acesa,  
tremelecida no berce,  
nun recunchío da Cela.!

TANXEN as campáns do Ceo,  
soan as campáns da Terra:  
as paxariñas do Abrante  
grinaldas de lus tecean.

!Vinde,vinde,que Xesús,  
deitado nas pallas fenes,  
nos surrí cós seus ollímos,  
cás súas mans nos acena,  
parés que quere bicarnos  
e que falarnos quixera.!

!Vinde,vinde,pelengriños,  
polo camiño da Estrela,  
cô orvallío d-Alborada  
o seu brazolo arrodea.!

SUAN as campáns do Ceo,  
tanxen as campáns da Terra:  
un Amencer de Aleluias,  
de Panxoliñas e Ultreias,  
vai emburullando aledo  
os Pobos,Viles e Aldeas,  
de Amor e Fraternidade  
e Paz,na Voz evanxeia.

\*\*\*\*\*  
\*\*\*\*\*

!Vinde a ver da Libertade,  
a Cruz de Xesús,ergueita.!

\*\*\*\*\*+\*\*\*\*\*

L E M A:

"Chegai mariñeiros,  
chegai labradores...."